

CONSELLO PARROQUIAL MOURENTE (29/06/17)

- Comunidade de Montes
- Asociación de mulleres Amarinda
- AAVV O Castro
- ANPA Villaverde
- AAVV Os Campos
- Alberto Oubiña

O concelleiro delegado da parroquia Alberto Oubiña da conta das obras realizadas ou en curso nestes momentos, e presenta as vindeiras obras a realizar na parroquia

Nas primeiras xuntanzas do consello parroquial priorizouse a conexión de Mourente con centro da cidade dun xeito seguro.

Ata o momento fóronse realizando obras soltas que a simple vista carecía de relación unhas con outras. Co novo proxecto que se presenta todo xa terá un sentido.

Rúa dos Campos. Obra realizada o ano pasado cun orzamento de 200.000 €

- Calmado de tráfico
- Reasfaltado
- Beirarrúas
- Accesos peonís

Mellora vial de O Monte ata Cons Obra tamén realizada (120.000 €) incluído calmado de tráfico e arranxo do pavimento

Rúa do Costado. Nestes momentos o proxecto está na fase final polo que se prevé que as obras darán comenzo durante o verán, cun orzamento aproximado de 240.000 €

Calmado integral de tráfico na parroquia Todas estas obras quedarán agora conectadas entre si cando se leve a cabo este proxecto

- Instalación de reductores de tráfico (50 máis ou menos) nos lugares pedidos polos veciños das distintas zonas, así como polos membros do consello parroquial. Quedando así un acceso seguro para peóns e ciclistas dende Eirós ata Pontevedra. Mourente adquirirá desta forma as características de calidade da cidade.
- Conexión dende o barrio de A Condesea ata o paseo do Lérez. Un tramo será asfaltado (ata as casas) e a continuación acondicionarase un acceso peonil. Estudiarase a posibilidade de poñer saneamento a dúas vivendas da zona

Entorno colexio Vilaverde Proxecto moi complicado e que será realizado en tres fases

1. Rúa Porrelo/Vilaverde ata Vilaverde/Meixoeiro. Intentarase chegar ata abaixo. A obra consistirá na pavimentación de distinta cor para visibilizar a rúa como de prioridade peonil. Repintado das prazas de autobuses.
2. Rúa Porrelo/Alvárez Limeses. Estudiarase a posibilidade de pola de sentido único
3. Rúa Valdecorvos

Casa de cultura de Os Campos Cun orzamento de 300.000 € constará dos seguintes elementos

- Unión das dúas casas existentes
- Construción dunha pequena edificación que dará cabida a uns baños accesibles
- Reordenación de toda a parcela con arbolado

Saneamento A obra de saneamento de Casas Novas, O pazo, Leirados, Eirós, etc, está practicamente acabada a pesar de que a Xunta non aportou ningún dos fondos prometidos. Finalmente contouse con algunha aportación da Diputación, pero foi o Concello o que asumiu casi o total da obra; motivo polo cal o asfaltado das vías non é todo o bo que sería necesario. Tratará de subsanarse nun futuro.